

Cultura A actividade fundacional nace no 2006 e a súa gran acollida desemboca na asociación actual

A lectura, un xeito de abrir portas á vida

O Espazo Lectura de Gondomar é un proxecto pioneiro que busca inculcar este hábito aos cativos. Parten da convicción de que adquirilo equivale a ter moito gañado para o seu futuro

[MÍRIAM VÁZQUEZ FRAGA] A lectura ten moitas dimensións, algunhas das cales ás veces semellan estar ocultas. Un grupo de pais de Gondomar decidiron hai oito anos conxugalas nunha iniciativa chamada *Contomar* que, co paso do tempo, deu lugar a un proxecto que cobrou vida propia para demostrar día a día o que pretendían: que os libros, os contos, as historias que recollen constitúen «unha alternativa social e de ocio, pero tamén de formación», en palabras da presidenta do que hoxe é o Espazo Lectura de Gondomar, Concha Costas.

A idea do *Contomar* xorde dun grupo de pais con fillos pequenos conscientes de que non había actividades culturais deseñadas especificamente para eles na vila. «Tratábase dun contacontos semanal na biblioteca municipal aberto a todas as familias e que tivo moi boa resposta», lembra Costas. Esa inmemorable aceptación foi a que lles levou a continuar, ampliando as súas actividades a unha abano máis amplo de idades e a constituírse como asociación no ano 2008.

Lectura desde os cueiros

Na actualidade contan cun total de 13 actividades estables que inclúen obradoiros de lectura para adultos e propostas diferenciadas por idades para nenos e adolescentes. A última incorporación é *Contos en cueiros*, para cativos de cero a tres anos. «Son actividades de achegamento, con xogos. A base da lectura é a tradición oral, adiviñas, xestos, repeticións. Empregamos a estimulación sensorial, coa música e os cheiros acompañando aos contos».

Como exemplo, a narración da

historia de *Unha eiruga moi larpeira* que realizaron o curso pasado. «A protagonista come froita, así que preparamos anacos de mazá e laranxa e iamos dando aos nenos as mesmas que comía ela».

Aprendizaxe en rede

Unha das premisas das que parten é a implicación das familias, pois consideran fundamental o seu papel como «acompañantes, contacontos de contos —súmanse tamén a esa faceta— e, en definitiva, prolongadores do proxecto». «Non se pode deixar ao neno e marchar. Non somos unha ludoteca nin ofrecemos un servizo de coidado dos pequenos. O que propoñemos é un espazo onde os adultos e nenos o pasen ben, comparten e participan», aclara.

Os seus voluntarios rondan a trintena. A eles hai que engadir as familias que asisten e colaboran de maneira puntual. Contemplan tamén a figura dos socios protectores. «Entendemos isto como algo interdisciplinar, socialmente aberto e con moitos colectivos que manteñen un compromiso. Por iso temos a modo de socios protectores aos centros de ensino que interveñen e a editoriais que nos pasan novidades. Funcionamos como rede», expón Costas.

Os artifices teñen moi clara tanto a importancia de que se adquiran uns hábitos lectores consistentes coma as maneiras de que isto acontece. «É preciso organizar actividades estables, cunha continuidade. Está ben un Día do Libro ao ano, pero non chega».

As familias, clave

Costas fai fincapé na importancia de que o que se fai nas súas actividades teña unha prolongación na



Os pais interveñen activamente, asumindo en moitas ocasións o rol de contacontos.



Arredor de 500 familias participan das propostas do Espazo Lectura.



Unha nena, mergullada nun conto.



As súas actividades inclúen as celebracións dos aniversarios dos nenos.



Ademais das actividades infantís, hai clubes de lectura de adolescentes (con ceas e actividades complementarias) e adultos, que contan ás veces coa presenza dos autores das obras.

casa. «Hoxe, moita familias descargan na escola responsabilidades educativas que efectivamente son da escola, pero tamén son da casa. E contar coa participación activa de todos penso que é o maior logro do noso proxecto».

A lectura, lembran, non é unha actividade excluínte con calquera outro pasatempo. Pero si pode ter un premio do maior. «A lectura non só é ler contos, tamén é entender as instrucións para facer calquera solicitude, por poñer un exemplo. Deste xeito estimulamos a imaxinación e damos ferramentas para que cando a persoa madre dispoña dos recursos que vai precisar». Ademais, os nenos que participan nestas actividades «non son ratas de biblioteca, fan moitas outras cousas, e igual que teñen os amigos do fútbol ou do baile, teñen os da lectura».

Constata Costas que ningunha

que non adestre se presenta a unha maratón, e o compara co que lles ocorre a moitos rapaces segundo van avanzando cursos na escola. «Moitos estudantes chegan a secundaria e patinan ao enfrontarse a textos complexos, xa que lles faltan pasos intermedios e non son quen de entender o que len. O Espazo Lectura conta con esa dimensión a longo prazo, porque estamos convencidos de que a lectura abre portas para a vida», conclúe.

O novo curso, a punto

O día 1 de outubro o Espazo Lectura de Gondomar inicia a tempada de actividades 2014/2015. Farao cunha sesión especial na Casa da Lectura na que estará o músico Paco Nogueiras para ofrecer un concerto-presentación do seu libro-CD «Brinca vai», editado por Kalandraka.



Restaurante
Casa Henriqueta

Cociña galega
Peixes e mariscos da Ría
Carnes da terra

986 362 013 (Arrabal - Porto de Ola)